



ROSA MARÍA CORTÉS REDONDO, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO AS NEVES (PONTEVEDRA),

CERTIFICO: Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 19 de xaneiro de 2021, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

“7. Expediente 711/2019. Aprobación do expediente de contratación dun servizo de limpeza dos edificios e dependencias municipais do Concello As Neves

Visto o Informe-Proposta de Secretaría que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA

En relación co expediente relativo á contratación por procedemento aberto e regulación harmonizada do servizo de limpeza dos edificios e dependencias municipais do concello de As Neves, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. *Á vista do expediente de contratación tramitado:*

Documento	Data/Núm.	Observacións
<i>Providencia de Alcaldía</i>	<i>21/12/2020</i>	
<i>Memoria xustificativa</i>	<i>21/12/2020</i>	
<i>Informe insuficiencia de medios</i>	<i>22/12/2020</i>	
<i>Informe non división en lotes</i>	<i>22/12/2020</i>	
<i>Informe de Secretaría</i>	<i>04/01/2021</i>	
<i>Resolución de inicio</i>	<i>04/01/2021</i>	
<i>Prego prescricións técnicas</i>	<i>29/12/2020</i>	
<i>Prego de cláusulas administrativas</i>	<i>05/01/2021</i>	
<i>Informe de fiscalización previa</i>	<i>05/01/2021</i>	

SEGUNDO. *Á vista das características do contrato que se pretende adjudicar:*





Tipo de contrato: CONTRATO DE SERVIZO	
Obxecto do contrato: Prestación dos servizos de limpeza das dependencias dos seguintes edificios: CASA DO CONCELLO, PAVILLÓN MUNICIPAL, EDIFICIO DE SERVIZOS SOCIAIS, CEIP “AS NEVES”, ESCOLAS DE INFANTIL DE RUBIÓS E TABOEXA, BIBLIOTECA, ARQUIVO, GARDERÍA, CENTRO DE SAÚDE, AUDITORIO, MERCADO, CASA DA XUVENTUDE, EDIFICIO CORREOS, CAMPO DE FUTBOL, BAÑOS DE SANTA MARIÑA E SAN NOMEDIO”, de acordo co disposto no prego de prescricións técnicas e administrativas.	
Procedemento de contratación: ABERTO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA	Tipo de Tramitación: ORDINARIA
Código CPV: 90911200-8 Servizos de limpeza de edificios 90919300-5 Servizos de limpeza de escolas	
ORZAMENTO ANUAL	
Orzamento base de licitación IVE excluído : 101.743,42 €	IVE%: 21.366,12 €
Orzamento base de licitación IVE incluído : 123.109,54 €	
ORZAMENTO TOTAL DO CONTRATO	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 305.230,26 €	IVE%: 64.098,35 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 369.328,61 €	
Valor estimado do contrato: 508.717,10 €	
Duración inicial do contrato: 3 anos	

Lotes: Non

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

— Os artigos 4 a 6, 18 a 24, 27 e 48 a 64 da Directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014, sobre Contratación Pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE (en diante Directiva de Contratación).

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).





Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación por ALCALDE-PRESIDENTE de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto para contratación dun servizo de limpeza dos edificios e dependencias municipais do concello de As Neves, segundo as especificacións técnicas recollidas no Prego de Prescricións Técnicas, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Autorizar o gasto por importe de 369.328,61 euros, (IVE incluído), con cargo ás aplicacións 231.22700, 312.22700, 323.22700, 342.22700, 4312.22700 e 920.22700 para as anualidades 2021, 2022 e 2023, en concepto de execución do servizo de limpeza dos edificios e dependencias municipais do concello de As Neves, para a anualidade de 2021

Anualidades	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2021	231.22700, 312.22700, 323.22700, 342.22700, 4312.22700, 920.22700	82.073,02 €
2022	231.22700, 312.22700, 323.22700, 342.22700, 4312.22700, 920.22700	123.109,54 €
2023	231.22700, 312.22700, 323.22700, 342.22700, 4312.22700, 920.22700	123.109,54 €
2024	231.22700, 312.22700, 323.22700, 342.22700, 4312.22700, 920.22700	41.036,51 €

CUARTO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.



QUINTO. *Acordar a non división en lotes do obxecto do contrato, visto o informe dos Servizos Técnicos Municipais, que obran no expediente.*

SEXTO: *Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

SÉTIMO. *Publicar o anuncio de licitación no «Diario Oficial da Unión Europea».*

OITAVO. *Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o Prego de cláusulas administrativas particulares e o de Prescricións técnicas.*

NOVENO. *Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:*

- OSCAR GONZÁLEZ ÁLVAREZ, que actuará como Presidente da Mesa.
- ROSA MARIA CORTES REDONDO, Vocal (SECRETARIA-INTERVENTORA da Corporación).
- CONCEPCIÓN E. SOLANO DE EYTO, funcionaria municipal que actuará como Secretaria da Mesa.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a devandita proposta de acordo na súa integridade.”

E para que así conste e xurda os efectos que proceda, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, asino e expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, don Xosé Manuel Rodríguez Méndez, na Casa Consistorial da Vila das Neves, na data sinalada á marxe deste documento, asinado electronicamente.

